

IES CAMPO DE SAN ALBERTO

Materia		LINGUA E LITERATURA	Curso 23-24	2º BAC
		Noemí Pazó González		
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN				
1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación		
- Proba(s) escrita(s) 80% Traballos escritos: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto) - Traballos relacionados coa expresión oral: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto. Tamén se terá en conta as intervencións espontáneas)	- Proba(s) escrita(s) 80% - Traballos escritos: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto) - Traballos relacionados coa expresión oral: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto. Tamén se terá en conta as intervencións espontáneas)	- Proba(s) escrita(s) 80% Traballos escritos: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto) - Traballos relacionados coa expresión oral: 10% (sobre as lecturas ou sobre calquera outro aspecto. Tamén se terá en conta as intervencións espontáneas)		
<p>* Realizaranse dúas probas escritas por avaliación A docente resérvase a posibilidade de variar o número de probas, previo aviso ao alumnado, se as circunstancias o requirisen. A nota de cada trimestre será o resultado da suma de todas as probas e traballos.</p> <p>RECUPERACIÓN: Ao final de cada avaliación e despois da entrega de notas (no caso da 1ª e 2ª avaliación) o alumando suspenso realizará unha recuperación da materia mediante unha ou varias probas de parte ou totalidade do avaliado, segundo sexa preciso. Nas primeiras semanas de maio o alumno/a que non estea en condicións de acadar o aprobado (4,5) coa media das tres avaliacións poderá examinarse dos contidos dunha das tres avaliacións para chegar á media mínima. Polo tanto, NON HABERÁ RECUPERACIÓN FINAL DA MATERIA. O alumnado que non supere a materia en xuño deberá presentarse á convocatoria ordinaria de xullo.</p> <p>MELLORA DAS CALIFICACIÓNS: O alumnado que queira mellorar a súa calificación poderá facelo mediante dous métodos:</p> <p>A) Lecturas voluntarias (ata dúas por avaliación) do listado proporcionado. A alumna/o deberá comunicar por correo electrónico a escola e a comprobación será oral nun recreo. Prazo: ata dúas semanas antes de cada avaliación e ata o 5 de abril no caso da 3ª avaliación.</p> <p>B) Exame global da materia da avaliación na mesma sesión ca as recuperacións. No exame de maio o exame de subida de nota poderá ser do toda a materia do curso. A táboa de subida de nota será a seguinte: 6:+0,1 na nota final, 7: +0,2 na nota final , 8: +0,3 na nota final, 9: +0,4 na nota final. 10: + 0,5 na nota final.</p> <p>As faltas de ortografía serán descontadas da cualificación de cada exercicio ata un máximo de 2 puntos de acordo co seguinte baremo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada unha. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico (tempos compostos, incorrecta colocación dos clíticos). ● Graves: Desconto 0,1 puntos cada unha. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico (castelanismos, ou outros estranxeirismos), uso de maiúsculas e minúsculas e acentuación diacrítica. ● Leves: Desconto 0'05 puntos cada unha. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/ v, h), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. <p>*No caso de que se descubra a un alumno ou alumna copiando total ou parcialmente nalgunha proba ou traballo, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exame, segundo corresponda. Os traballos escritos constarán tamén dunha parte oral na que a alumna/o demostrará que están realizados por el ou ela. En caso contrario a profesora podrerá minguar ou anular a puntuación obtida.</p>				

